

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2021**

Ás 17.30 horas do día 17 de xuño de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 20 de maio de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da comisión, aclara unha pregunta realizada por don Álvaro Vila na comisión do mes pasado, sobre o material que fora da Deputación a través do INORDE a FITUR . Dá lectura a un escrito que lle fixo chegar a xerente do INORDE e no que figuran múltiples datos sobre este tema, as actuacións e actividades realizadas, concellos que achegaron material, presentacións turísticas feitas na feira, vídeos das rutas, así como o resumo das actividades en FITUR. Considera que se fixo un traballo moi completo e dálle os seus parabéns ás actuacións realizadas polo INORDE.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que ten unha dúbida, e desexa saber se foi estimada ou cuantificada a contía económica que supuxo o stand destas xornadas en FITUR por parte do INORDE.

A presidenta da comisión sinala que non lle pasaron as contías económicas, só indica que é no stand de Galicia. Pode consultalo e transmitilo en outra ocasión.

Don Bernardo Varela López, do BNG, indica que ten pendente o tema do termalismo. As xestións coa Xunta de Galicia, e cre que algo se moveu ao respecto

A presidenta da comisión responde que estivo en conversas con Minas da Xunta de Galicia. Indicáronlle que o Concello de Ourense ten todo en tramitación tanto o que é publico como o que é concesión. Sobre a provincia e aproveitando a Disposición Transitoria da Lei hai varios concellos que xa presentaron. Engade que a perspectiva é boa, algúns se autorizarán con condicionantes, pero o que está presentado está ben. Ofrece a máxima disposición da parte da Área de Benestar da Deputación e tamén da Xunta, que xa fixo unha xornada en decembro para tratar de facilitar e axudar no posible na tramitación.

Don Bernardo Varela López, do BNG, sinala que dende a Deputación, que xa fixeron estudos sobre o tema do termalismo, poderían sentarse coa Xunta, por que considera que a modificación legal foi un pouco precipitada e sen ver o fondo do asunto. Poderíase chegar a

facer unha modificación do que se aprobou no seu momento, para facilitar que estas piscinas naturais ou zonas termais da capitalidade, non esixiran investimentos millonarios, sen que iso tivera unha repercusión real na calidade dos tratamentos, con esixencias de baleirados e controis que parecían un pouco esaxerados, nalgo que viña funcionando dende hai milenios.

A presidenta da comisión destaca que a lei é garantista e busca todas as melloras sanitarias. Dende Minas trasladaron que os que o teñen solicitado non está aprobado, pero vai por bo camiño, e non deben ser eses investimentos millonarios que se falan por aí, e calquera concello que queira tramitalo ten a colaboración da Área de Benestar da Deputación.

E, ás 17.38 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.